

Nova modificación do acordo de persoal interino: recortes, rectificacións insuficientes e nova oportunidade perdida para a estabilidade

Asistimos novamente a unha modificación do acordo que regula as condicións de traballo do persoal interino e substituto pensada principalmente, como evidenciamos na negociación da Mesa Sectorial, para beneficiar á administración, na que se atenderon algunhas propostas de mellora defendidas até agora en solitario pola CIG-Ensino pero na que, sobre todo, destacan novos recortes de dereitos.



Negación sindical e do goberno do dereito a indemnización

Os sindicatos asinantes (a minoría conformada por CCOO, ANPE, UGT e CSIF -este último sen sequera representación na Mesa Sectorial-) e a Consellaría asumen o papel da xustiza e **deciden que ningún docente terá dereito á indemnización prevista na nova redacción do TREBEP tras a Lei 20/2021.** Desde a CIG-Ensino somos conscientes que o feito de que os contratos docentes sexan por curso académico pode ser motivo para denegar unha posíbel compensación económica, máis restrinxir expresamente un dereito recollido nunha Lei nun acordo sindical é algo que nunca se producira con anterioridade.

Integración do PTFP interino no corpo de PES sen efectos retroactivos

O texto asumido polos sindicatos asinantes dá

por bo que o persoal interino das listas actuais de PTFP se incorpore ás listas de PES con efectos do 1 de setembro de 2023, deixando atrás a posibilidade de que a efectividade económica para todo o persoal interino sexa a mesma que para o funcionariado de carreira, isto é, **que teña efectos retroactivos desde xaneiro de 2021.**

Cobro do verán para o profesorado substituto

Seguimos, **once cursos despois, sen que o profesorado substituto que traballe cinco meses e medio cobre o verán íntegro.** Ese dereito mantense no articulado do texto como papel mollado sen que a ningún dos sindicatos que o asumen pareza importarlle.

Melloras insuficiente nas renuncias e limitación de concellos pola idade das fillas e fillos ou por outros contratos

Existe unha mellora no requisito da idade das fillas

e fillos, pero **soamente nos casos de familias monoparentais** (8, 10 e 16 anos dependendo de se ten unha, dúas ou tres crianzas), **de ter tres fillas ou fillos ou no caso de familias de dúas crianzas se unha delas ten discapacidade** (nestes dous supostos o requisito de idade son 12). Desde a CIG-Ensino, aínda recoñecendo o avance, lamentamos que esta medida sexa insuficiente e a idade dos fillos e fillas non se acomode á idade que con carácter xeral emprega a Xunta, e non a Consellaría, para a conciliación familiar, **12 anos**.

Unha mellora clara é o feito de **poder renunciar por outro contrato laboral sen a limitación de que sexan temporais e se inclúa tamén os de carácter indefinido ou a traballadores e traballadoras por conta propia**. Neste último caso é preciso levar seis meses cotizados no réxime especial de autónomos, o que consideramos un requisito excesivo. Esta demanda foi defendida desde hai anos en solitario pola CIG-Ensino. Alegrámonos de que a administración rectifique e que os demais sindicatos asuman agora esas melloras.

Nesta modificación introducíronse cuestións que xa se viñan facendo pero que non constaban por escrito, como é o nomeamento da mesma persoa substituta se a substitución se interrompe en Nadal, Semana Santa ou Entroido, ou incluír as prazas dos Centros de Menores e de Atención Domiciliaria como voluntarias.

Recortes nas renuncias e limitación de concellos por ampliación de estudos

O persoal interino sofre un **recorte moi importante** nos seus dereitos a renunciar aos chamamentos ou a restrinxir zona por concellos **ao se lle negar que estes estudos poidan ser, como até agora, de FP**.

Ademais, **nos estudos universitarios imponse un límite de tres anos** (excepcionalmente dous máis sempre que se teña aprobado neste período un mínimo de 90 créditos) para poder acollerse a este motivo de renuncia ou restricción de zona.

Rectificación parcial sobre o "contador a cero" na ampliación de estudos

Tan só 15 despois de asinar o acordo e logo das presións da CIG-Ensino e das queixas do profesorado afectado, a Consellaría comunica que muda a súa intención inicial -manifestada explicitamente na Mesa Sectorial a preguntas deste sindicato- e que vai poñer o contador a cero para a restricción de concellos ou as renuncias por este motivo.

É vergoñento que os sindicatos do acordo asinaran esta perda de dereitos e, tras o malestar do profesorado, pidan esta rectificación pero sen esixir que apareza por escrito no texto.

Baremo para as listas que beneficia á Consellaría e non ten en conta a experiencia docente nin a formación previa

O único criterio baremábel a partir de agora cando se abran listas extraordinarias de substitución será a **nota media do expediente académico**.

As propostas da CIG-Ensino que non aceptaron e que impide o respaldo da maioría sindical

A administración negouse a incorporar unha proposta que lle garanta un posto de traballo durante un período de tempo ao persoal interino de longa duración ofrecida pola CIG-Ensino durante a negociación deste acordo e os sindicatos asinantes desentendéronse unha vez máis do tema. A novidade foi que desta vez nin sequera a Consellaría se atreveu a dicir que non asumía a proposta da CIG porque fose ilegal ou porque puxese en perigo o acordo de persoal interino. Unha mentira repetida até a saciedade por algúns representantes sindicais instalados na manipulación e na falta de escrúpulos. A única razón foi a negativa a asumir ese compromiso pola administración e OOSS asinantes.

PROPOSTAS DA CIG-ENSINO REXEITADAS

- Cláusula de estabilidade
- Ampliar a 12 anos a idade dun fillo ou filla para renunciar.
- Manter a FP para renunciar por ampliación de estudos
- Poñer o "contador a cero" no caso de que haxa cambios nos motivos para renunciar ou limitar concellos nos chamamentos
- Protección das mulleres en baixas derivadas do embarazo, equiparando estas co permiso de parto
- Ampliar as causas xustificadas para non participar nas oposicións
- Elección de zonas de substitución sen xustificación máis reducidas que as provincias, como se aplica noutras administracións.
- Obrigatoriedade de facer chamamentos diarios
- Transformación dos contratos de substitución en interinidade cando na praza non exista titular máis alá do límite actual do 1 de xuño
- Consolidación nas listas cando se renuncia e non se contrata a ninguén máis posteriormente
- Baremo de listas idéntico ao baremo das oposicións